

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

5 ° CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Rosa M^a Rodríguez Fandiño

Curso 2021/2022

CEIP Plurilingüe de Carnota

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

3. OBXECTIVOS

4. CONTIDOS

5. EDUCACIÓN EN VALORES

6. METODOLOXÍA

6.1. AMBIENTE DE APRENDIZAXE

6.2. PESPECTIVA DIDACTICA

6.3. PAPEL DO PROFESORADO

6.4. PAPEL DO ALUMNADO

6.5. AGRUPAMENTOS

6.6. APERTURA AO CONTORNO

6.7. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL

7. PLANS E PROXECTOS

8. ADAPTACIÓN DO PROTOCOLO COVID-19 Á AULA

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

10. ACTIVIDADES

11. AVALIACIÓN

11.1. AVALIACIÓN NON PRESENCIAL

12. PROXECTOS

ÁREA DE INGLÉS

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A continuación presento a miña Programación Didáctica, enmarcada no curso académico 2021/2022 e que toma como referente a *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O CEIP de Carnota sitúase en dita localidade, caracterizada pola ausencia de grandes núcleos de poboación, principalmente de entorno rural. A economía susténtase en actividades nas áreas de industria, servizos, agricultura, gandería ou pesca,

Trátase dun **Centro de Educación Infantil e Primaria** que conta con tres unidades de Educación Infantil e sete de Educación Primaria.

O centro conta con dous edificios, o principal e un pavillón, un patio cuberto e un patio ao aire libre.

Na aula aplican docencia ademais da titora, o mestre de música, o mestre de inglés e a mestra de relixión; e ademais cóntase coa axuda da mestra de apoio. Son titora dun grupo de 19 alumnos/as do segundo nivel do segundo ciclo de Educación Infantil, cun nivel de desenvolvemento psicomadurativo acorde á súa idade.

A lingua vehicular da miña aula é o galego, por ser esta a lingua materna dos nenos e nenas e atendendo á realidade sociolingüística da contorna. Ademais, procurarase tamén que o alumnado sexa competente na outra lingua oficial a través de contos ,cancións ,poemas...

O horario do centro é de xornada continua de 9:45 a 14:45 da mañá, e os luns de 16:30 a 18:30. Ofrece servizo de transporte con tres liñas.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe é flexible e está supeditado a cambios e modificacións, co obxectivo de poder levar a cabo unha avaliación global, continua e

formativa, tal e como se recolle na Orde do 25 xuño do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Tal e como se recolle no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 25 de xuño de 2009 de avaliación do 2º ciclo de infantil, os contidos nesta etapa educativa divídense en tres áreas: área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal, área de coñecemento do contorno, e área de linguaxes: comunicación e representación. Os contidos que abarca cada área, son á súa vez traballados partindo dos obxectivos establecidos, que parten directamente das competencias que se espera alcancen os nenos nesta etapa educativa.

Constitúen unha combinación de habilidades, prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, emocións e actitudes adecuadas ao contexto que actúan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

As competencias son as seguintes:

➤Competencia en comunicación lingüística

- Falar. Expresar o que pensa e sente.
- Escoitar.
- Interpretar.
- Comprender.

- Aproximación a lectura e escritura.
- Comunicarse de xeito respetuoso.
- Utilizar diferentes tipos de linguaxes.

➤ **Competencia matemática**

- Contar. Descompoñer .Agrupar. Comparar. Ordenar. Clasificar .Ordenar. .
- Deducir..Razoar.
- Interpretar datos e gráficas.
- Formas, tamaños, cores.
- Relacións causa-efecto.
- Coñecer o corpo humano.
- Recoñecer os beneficios do exercicio físico.
- Recoñecer a importancia de cuidar a nosa saúde.

➤ **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

- Explorar e interactuar.
- Comprender sucesos que ocorren no medio físico e predicir consecuencias.
- Ampliar experiencias e orientarse no espacio.
- Localizar acontecementos relevantes.
- Potenciar habilidades de investigación.

➤ **Tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar e obter información.
- Procesar información.
- Comunicar información.
- Transformar a información en coñecemento.
- Actitude crítica.

➤ **Competencia social e cidadá**

- Relacionarse.
- Compartir.
- Axudar.
- Convivir.
- Tolerancia.
- Habilidades sociais.
- Realidade social.
- Valorar os servizos de saúde dos que gozamos.

➤ **Competencia cultural e artística**

- Observar e valorar a nosa cultura(xogos,bailes,gastronomía...).
- Manifestacións artísticas e culturais.
- Técnicas plásticas.
- Linguaxe plástico, corporal e musical.

➤ **Competencia para aprender a aprender**

- Organizar.
- Planificar.
- Decidir estratexias.
- Transformar a información.
- Aplicar o aprendido.
- Buscar respostas.
- Interpretar o erro como oportunidade de aprendizaxe.
- Ter tolerancia a frustración.

➤ **Autonomía e iniciativa persoal**

-Autocoñecemento e hábitos.

-Autonomía.

-Iniciativa.

-Criterio propio.

-Responsabilidade.

-Valores persoais

-Valorar o esforzo

Estas Competencias traballarémolas de forma globalizada e conseguirmolas a través dos distintos obxectivos, que presento a continuación.

3. OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais, os cales non son directamente observables ni avaliábles, aparecen divididos nas tres áreas curriculares que establece o **Decreto 330/2009, do 4 de Xuño**. Estes obxectivos iranse alcanzando ó longo de toda a etapa do segundo ciclo de Educación Infantil.

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Formarse unha autoimaxen axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e alcanzando maior autonomía persoal.

- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.

- Tomala iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo capaz de solicitar axuda.

- Adecuar o propio comportamento as necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de sumisión ou dominio.

- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionado coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e disfrutando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferencias individuais: idade, sexo, etnia, personalidade...

- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propio, o desenvolvementos humano, a manifestación de emocións, o respecto os demais, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar e explorar de forma activa o seu entorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mostrando interese polo seu coñecemento.

- Observar os cambios e modificacións os que están sometidos os elementos do entorno e relacionalos cos factores que os produce, desenvolvendo actitudes de coidade, respecto e corresponsabilidade no súa conservación.

- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que podería producirse a consecuencia de situacións da vida diaria e de algúns experimentos realizados.

- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamentos social e axustando a súa conducta a elas.

- Coñecer distintos grupos sociais próximos a súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.

- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto as persoas, as normas e os valores da sociedade a que pertencen.

- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega, expresións artísticas, festas populares...

- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e establecendo relacións de agrupamentos, clasificacións, orde e cuantificacións.

- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, medindo, pensando...

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Empregar os diversos linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e desfrute.

- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais, o silencio, a mirada, o olfacto... como elementos xenuínos da comunicación humana.

- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconos e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.

- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores/as e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.

- Comprender a intencionalidade comunicativa de outros nenos/as, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara as linguas

- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo o participar nestes intercambios comunicativos.

- Acercarse a lingua escrita a través de distintos tipos de textos.

- Comprender, reproducir, reescribir (tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita), e recrear textos.

- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonde de información e pracer.

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transforma... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias...

- Acercarse o coñecemento das obras artísticas expresadas en distintos linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.

- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, mostrando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e das demais persoas.

- Acercarse o coñecemento, emprego e valoración das TIC, como ferramenta de búsqueda de información, creación, expresión e comunicación.

4. CONTIDOS

Os contidos son o medio a través do cal os alumnos/as lograrán a consecución dos obxectivos. Os contidos curriculares teñen carácter instrumental xa que son a ferramenta que permite os alumnos/as desenvolver as capacidades recollidas nos obxectivos xerais.

Estes contidos desenvolveranse estruturados en experiencias e situacións que atenden ás motivacións, necesidades e intereses do alumnado. Partindo do principio de significatividade das aprendizaxes e respectando o principio de globalización dos contidos, estes aparecen organizados nas tres grandes áreas.

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

BLOQUE 1. O CORPO E A PROPIA IMAXE

- Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e as posibilidades para chegar a toma de conciencia do propio esquema corporal.

- Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo. Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que o neno ou nena recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos.
- Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que ó integran.
- Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas e das percepcións exteroceptivas.
- Aceptación da propia imaxe corporal e disfrute xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e interese propios e das demais persoas.
- Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- Observación dos cambios físicos nas persoas ó longo do tempo.
- Identificación das diferentes etapas da vida, valorándoas positivamente.
- Valoración positiva e respecto polas diferencias, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- Recoñecemento e vivencia das referencias espacio-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co entorno e coas demais persoas.

- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade o outros medios de comunicación social.

BLOQUE 2. XOGO E MOVEMENTO

- Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando a súas capacidade e confiando nas propias posibilidades de acción, mostrando actitudes de iniciativa e constancia.

- Desfrute co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas.

- Aceptación do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.

- Adaptación do tono e da postura as características do obxecto, e da outra persoa, da súa acción e da situación.

- Satisfacción polo crecente dominio persoal.

- Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración a súa persoa, a outras e o seu medio, fortalecendo vínculos afectivos. Comprensión, aceptación e valoración das regras para xogar.

- Potenciación do xogo como elementos común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidades e abríndose o coñecementos e gozo dos das outras persoas.

- Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.

- Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control do tono, do equilibrio e da respiración.

- Adquisición de nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos.

- Potenciación das súas capacidades motora, de coordinación e de orientación no espacio.

- Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, mostrando iniciativa para aprender habilidades novas.

BLOQUE 3. A ACTIVIDADE COTIÁ

- Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

- Interese por participar en actividade da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar hacia a resolución pacífica de conflitos.

- Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.

- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.

- Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.

- Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos adecuados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo capaz de solicitar e prestar axuda.

- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente hacia a autorregulación das súas accións.

- Recoñemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos as súas actividades diarias.

BLOQUE 4. O COIDADO PERSOAL E A SAÚDE

- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo: hixiene, alimentación...
- Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación o consumo responsable e o descanso.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.
- Valoración da axuda doutras persoas.
- Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas (vestimenta, peiteados, adornos...).
- Emprego responsable e adecuado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.
-

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

BLOQUE 1. MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA

- Interese pola exploración dos obxectos e materias presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiás e mantendo unha actitude de respecto e coidado cara obxectos propios e alleos.

- Recoñecemento de algúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.

- Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación a cuantificación de coleccións.

- Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do entorno.

- Recoñecementos do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.

- Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.

- Utilización da acción de contar como estratexia para á obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.

- Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá.

- Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.

- Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con varias accións.

- Aproximación a algunhas magnitudes físicas (peso, lonxitude, capacidade, tempo) a través da estimación: comparando, sopesando, observando...

- Recoñecementos e identificación de situacións nas que se fai necesario medir.

Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación no uso.

- Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.

- Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación o uso do calendario.

- Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándoos adecuadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.

- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.

- Vivencia, representación e interpretación do espacio, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

BLOQUE 2. ACHEGAMENTO A NATUREZA

- Identificación e profundización no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial.

- Diferencia entre seres vivos e obxectos inertes.

- Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiros/as.

- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.

- Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas de desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.

- Curiosidade, respecto e coidado hacia os elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.

- Descubrimento das diferentes formas nas que se atopa a auga na natureza, comprendendo a súa contribución o desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.

- Identificación dos cambios que se producen en canto a luminosidade, a posición do sol, os ciclos da lúa... ó longo dun día, dos meses e das estacións do ano.

- Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural (calor, chuvia, vento, día, noite...) e de producidas pola acción humana (pontes, embalses, muíños de auga...).

- Desfrute o realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e a conservación, a realización de actividades o aire libre e en contacto con elementos da natureza.

- Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

BLOQUE 3. CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE

- Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que en eles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.

- Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.
- Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.
- Interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos/as doutras culturas.
- Aproximación as funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e aportar servicios presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.
- Colaboración co resto dos compañeiros/as na vida da aula, mostrando disposición para compartir e resolver conflitos.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.
- Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevante na historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

BLOQUE 1. LINGUAXE VERBAL

ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Utilización e valoración progresiva da linguaxe oral para evoca e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións ou como mecanismo para regular a propia conducta e a das demais persoas.
- Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na búsqueda dunha maior estruturación das súas frases.

- Participación de forma oral en conversacións, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregando con crecente precisión, con entoación adecuada, pronunciación clara e empregando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.

- Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversacións, respectando turnos e escoitando atentamente.

- Acomodación progresiva dos seus enunciados os formatos convencionais.

- Emprego adecuado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas, saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumpridos...

- Interese por participar en interaccións orais na lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, mostrando unha actitude positiva cara a esa lingua.

APROXIMACIÓN A LINGUA ESCRITA

- Aproximación á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.

- Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

- Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

- Diferenciación entre formas escritas e outras formas de expresión gráfica.

- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.

- Percepción de diferencias e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas (cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas) e propiedades cualitativas (variedade de grafía).

- Iniciación o coñecementos do código escrito a través de esas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.

- Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

APROXIMACIÓN A LITERATURA

- escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lenda, poesías, rimas, teatro, adiviñanza... tanto tradicionais como contemporáneos, e nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartido.

- Dramatización de textos literarios, disfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.

- Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, disfrutando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.

- Participación creativa en xogos lingüísticos (encadeados de palabras, adiviñanzas, trabalinguas...) acompañados de respostas corporais (xestos, movementos, ritmos...) para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.

- Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nas debates literarias.

- Introducción ó uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación a literatura e como espacio privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

BLOQUE 2. LINGUAXE ARTÍSTICA: PLÁSTICA, MUSICAL E CORPORAL

- Exploración sensorial dos elementos presentes no entorno integrando actividade de tocar, ulir, oír e ver.

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: líña, forma, cor, textura, espacio e volume.

- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión: cor, forma, líña, movemento, volume, textura, ritmos, melodías, timbres entre outros, que lle permitan os nenos/as desenvolver a súa sensibilidade estética.

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes (papel, cartón, alambre, plástico, teas...) e de distintas técnicas (debuxo, pintura, collage, amasado, modelado...) como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias...

- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.

- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e do color, empregando recurso como a luz natural, lanternas, lámpadas..

- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no entorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, talleres de artistas e persoas artesanais manifestando ou compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.

- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bocetos para a consecución dunha melloría na produción.

- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons atopados para a interpretación e da creación musical.

- Vivencia do son e do silencio.

- Recoñecemento de sons do entorno natural e social, e discriminación dos seus rasgos distintivos.

- Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.

- Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.

- Participación activa e desfrute na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.

- Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.

- Vivencia de xestos e movementos como recurso corporais para a expresión e a comunicación e o intercambio afectivo.

- Participación en actividade de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal (mimo, títeres, teatro de sombras...) colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación adecuada.

-

BLOQUE 3. LINGUAXE AUDIOVISUAL

- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.
- Aproximación a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- Aproximación ó uso do ordenador, a cámara fotográfica, nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, vídeos... a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- -Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

5. EDUCACIÓN EN VALORES

Na aula traballaremos a educación en valores, igual que todos os demais aspectos, dunha maneira globalizada a través das distintas actividades concretas que realizaremos ó longo dos proxectos que se desenvolverán durante este curso académico. A finalidade básica é a de contribuír a desenvolver a capacidade das persoas para integrarse na sociedade. Segundo o **Decreto 330/2009, currículo de infantil**, potenciaranse os valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos...Para tal fin,

ademais dos coñecementos de diversas disciplinas, hai certas cuestións na época actual que reclaman unha atención prioritaria.

Os **eixes transversais** que imos a traballar ó longo deste curso escolar son:

- Educación ambiental.
- Educación viaria.
- Educación para a saúde.
- Educación para a igualdade de homes e mulleres.
- Educación para o consumo responsable.
- Educación emocional.

6. METODOLOXÍA

Á hora de deseñar a metodoloxía a seguir na miña aula tiven en conta as orientacións establecidas no **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia** que son:

6.1. AMBIENTE DE APRENDIZAXE.

•**Espazos**. Na miña aula contaremos con diferentes espazos onde os nenos e nenas se sentirán seguros e cómodos, espazos propios e de uso común e outros para xogar e para relacionarse cos demais. A miña metodoloxía a nivel espacial baséase no traballo por recunchos ou ambientes xa que, responden a unha concepción da educación na que os meus alumnos/as son protagonistas e o referente principal de todo o proceso, o que permite adaptarse aos seus ritmos de aprendizaxe en maior medida. Os recunchos da miña aula son:

- O recuncho da Biblioteca:** neste recuncho contaremos cunha ampla biblioteca con libros de diferentes temas e características.
- O recuncho da Casiña:** aquí teremos materiais e xoguetes moi variados que estarán distribuídos en lugares diferenciados dentro do mesmo, onde os nenos/as poderán desempeñar distintos roles e traballar así o xogo simbólico.
- O recuncho das Construcións:** neste recuncho os nenos/as atoparan diversos xogos de construcións.
- O recuncho do Ordenador:** onde dispoñemos dun ordenador con todos os seus elementos. Realizaremos distintas actividades para alcanzar a Competencia dixital e tratamento da información.
- O recuncho de lóxica-matemática:** neste recuncho contaremos con distintos materias, como por exemplo, os bloques lóxicos, ábacos, crebacabezas... para aprender diversos aspectos lóxico-matemáticos.
- O recuncho de Aproximación á Lecto-escritura:** levaremos a cabo actividades relacionadas coa lectoescritura. Contará con letras imantadas para facer diferentes creacións, abecedarios, xogos de letras, puzzles de letras...
- O recuncho da Plástica:** levaremos a cabo actividades creativas e elaboraremos diversos materiais co obxectivo de fomentar o desenvolvemento da imaxinación e creatividade dos nenos e nenas.

Estará formado por: rotuladores, ceras, tesoiras, pegamento, papeis variados...)
- O recuncho dos Xogo Simbólico:** materiais variados onde os nenos/as poderán interaccionar uns cos outros e desenvolver a función simbólica.
- O recuncho do Proxecto:** neste recuncho poñeremos obxectos e materiais relacionado cos proxectos que imos a levar a cabo na aula.

A elección por parte dos nenos/as dun recuncho ou outro virá determinada pola miña parte debido a situación actual, que non permite a interacción entre distintos grupos de aula. Ademais, entre un uso e outro haberá cambio de materiais, poñendo en corentena os empregados e sendo desinfectados, tal e como se recolle nas instrucións dadas pola Consellería de Educación e os distintos protocolos. Xunto a isto, antes e despois do seu uso, haberá lavado de mans. Aparte da distribución por recunchos, os nenos/as disporán dun sitio propio na aula para poder merendar e desenvolver actividades en gran grupo.

•**Materiais:** De acordo ao establecido no **Real Decreto 1630/2006**, os materiais didácticos da miña aula han de ser atractivos, sólidos, variados, seguros, resistentes, fáciles de transportar e limpar, estéticos, non tóxicos e versátiles, o que tamén se recolle no **Decreto 330/2009, currículo de infantil**. Seguindo a Gimeno Sacristán, é importante tamén que sexan realistas, duradeiros, funcionais e non discriminatorios. Entre os materiais que forman parte da miña aula cito os seguintes: crebacabezas, construcións de todos os tamaños, materiais funxibles como xices ou pinturas, regras, cámara de fotos, bloques lóxicos, láminas, colección de imaxes, un ordenador, PDI, biblioteca de aula, cociña e menaxe da mesma, regretas de cores de Cousinet, papeis e teas,... tendo en conta que seguindo o **RD 1630/2006**, os materiais serán elementos mediadores do proceso de ensinanza-aprendizaxe, ao igual que no **Decreto 330/2009 do 4 de xuño** se recolle que os materiais son fundamentais para a consecución das intencións educativas. É importante que permitan o desenvolvemento sensorial e motor, a manipulación, observación e experimentación, a interacción, o pensamento lóxico, a representación e

simulación e a comunicación oral. Teño que sinalar que neste curso contaremos cos libros de “**Canto sabemos! A volta ao mundo**” de Santillana.

Este curso os materiais de cada recuncho están reducidos e moi pensados debido ao protocolo covid .

•**Tempos:** En canto á distribución do tempo, ademais de ser un elemento organizativo, constituirá un factor relevante no proceso de construción da personalidade de nenos/as. Baixo principios de flexibilidade, como se recolle no **Decreto 330/2009**, e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e as necesidades, combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas. As rutinas, pola súa secuencia periódica, han de ser relativamente estables, posto que isto permitiralles aos nenos/as interiorizar marcos temporais de referencia a partir dos cales organizar as súas vivencias diarias e previr accións. É necesario ter como referente a curva de Emil Kraepelin, xa que esta nos permite organizar o tempo da maneira máis axeitada posible, en base ás necesidades do alumnado. Debemos situar nas primeiras horas da mañá aquelas tarefas que requiran unha maior concentración e rendemento intelectual, tales como as actividades de lectoescritura e habilidades numéricas básicas, ou as actividades relacionadas co coñecemento do medio físico; quedando relegadas para última hora as actividades que se centren no desenvolvemento de linguaxes corporal, artístico, audiovisual, TICS...

Por último, é importante destacar a importancia do xogo, que integra acción, emoción e relación, e polo tanto, favorece o desenvolvemento integral do noso alumnado de Educación Infantil.

As rutinas que levamos a cabo son: antes de sentarnos facemos o lavado de mans acompañándonos dunha canción, logo sacamos e gardamos a máscara e sentámonos cada un no seu sitio (este curso non pode ser na assemblea polo COVID) para falar de

como nos sentimos ese día e que nos conten o que consideren oportuno ,logo o encargado/a de ese día mirará quen está no cole e cantos na casa, a continuación poñemos o día da semana, o día do mes e miramos a ver en que mes estamos, tamén observamos o tempo que fai e a estación na que estamos. Despois de facer isto, o encargado ou encargada escribe o seu nome na pizarra e buscamos palabras que empecen por cada unha das letras do seu nome. Tamén nos di se está contento, triste, enfadado...Logo faremos a presentación das actividades a realizar e a distribución dos recunchos.

6.2 PERSPECTIVA DIDÁCTICA.

Todos os contidos desta programación están organizados baixo o enfoque globalizador, que terá como punto de partida situacións globais nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Para mantela coherencia entre todos estes contidos debo ter presente na miña práctica educativa unha serie de principios como son:

- **Principio de Vigotsky das interaccións positivas medio/ambiente/neno/a:** o neno nace nun ambiente caracterizado polas interaccións cos obxectos, o entorno natural e social, e co seu propio corpo, que irá facilitando a estruturación da súa personalidade.
- **Principio de actividade:** a actividade en E.I é esencial. O neno debe estar activo física e psiquicamente, promovendo que as criaturas observen, pensen, reflexionen e actúen. Promoverei actividades de exploración, manipulación, experimentación que favorezan a creatividade e o desenvolvemento da súa autonomía, tal e como sinala María Montessori.
- **Principio de seguridade e confianza:** o *Decreto 330/2009 de 4 de xuño* establece a creación do ambiente escolar como un espazo de benestar, afectivo e estimulante, no que os nenos/as aprenden en interacción co medio no que se desenvolven. Crearei na miña

aula un ambiente cálido, seguro, no que as criaturas se sintan queridas, confiadas, estimuladas... Isto favorecerá o establecemento de relacións e a construción dunha imaxe positiva dun mesmo, así como un axeitado equilibrio emocional, esencial para aprender.

- **Principio de socialización:** é fundamental que o neno/a se sinta integrado no grupo, polo que será función do docente promover que os nenos/as se relacionen entre si de maneira positiva, se comuniquen e establezan vínculos sociais e afectivos.

- **Principio de pedagogía do éxito:** de acordo ao establecido por Vigotsky, é necesario acercar ao alumnado a actividades que polo seu nivel cognitivo poden realizar, pero que ao mesmo tempo entrañen certa dificultade para eles.

- **Principio de motivación:** para que o neno/a aprenda ten que querer facelo, algo que é posible cando está motivado.

- **Principio de individualización:** seguindo a María Montessori, individualizarei e personalizarei o ensino.

A **Educación Emocional** e a **afectividade** serán o fío condutor de todo o proceso, xa que os nenos/as para aprender deben sentirse seguros.

6.3 PAPEL DO PROFESORADO.

O meu papel como docente será de guía e orientador, co fin de impulsar ao alumnado a observar, imaxinar, formular hipóteses... o que o axudará a construír novos aprendizaxes. Partirei dos coñecementos previos do alumnado para favorecer a aprendizaxe significativa de Ausubel, e crearei un ambiente no que se valore positivamente ós alumnos/as, estimulando a súa creatividade e contrarrestando os estereotipos. Ademais evitarei as discriminacións e as comparacións entre o alumnado e aproveitarei os seus erros para realizar novas aprendizaxes. Unha boa relación cos

nenos/as axudarlles a formar unha boa autoestima e autoconcepto, que vai a repercutir na consecución progresiva dos nenos/as da *Competencia Social e Cidadá*.

É necesario que interactúen co medio e coas demais persoas, pois non aprenden de maneira receptiva senón a través de procesos de asimilación e acomodación (Piaget). Tamén terei en conta a atención á diversidade de cada neno/a creando unha aprendizaxe individualizada atendendo aos diferentes ritmos e creando altas expectativas co fin de animalos e que poidan superar desafíos.

Centrareime nos seus **intereses** para fomentar a **motivación**.

6.4 PAPEL DO ALUMNADO.

O alumnado é o protagonista principal do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pártese dos seus coñecementos previos co fin de promover unha aprendizaxe significativa, e vaise adaptando ao seu desenvolvemento, ao seu ritmo e interese.

6.5 AGRUPAMENTOS.

Para atender a todo o alumnado e a natureza das actividades, organizarei diferentes agrupamentos. Por un lado, o grupo clase, a través do cal se crea un ambiente de pertenza ao grupo-aula, así como se fomenta a socialización. Algunhas actividades son a lectura de contos, a asemblea,... O pequeno grupo, pola súa banda, é idóneo para favorecer a interacción cooperativa-grupos. En relación a este, sinalar que as actividades organizaranse atendendo aos catro fixos conformados na aula e a través dos cales realizaremos xogos de preguntas, crearemos títulos de contos... Finalmente, a actividade individual é un bo recurso para a interacción máis próxima entre o neno/a e a docente co

fin de prestarlle axuda individualizada. Esta empregarase en actividades de reforzo e ampliación.

Neste curso, debido a COVID, e para poder satisfacer as necesidades do alumnado e facilitar que teña lugar o proceso de ensinanza-aprendizaxe o máis seguro posible, os agrupamentos terán que ser diferentes aos outros cursos para poder garantir a distancia de seguridade, así, nas actividades de gran grupo @s [alumn@s](#) terán que estar sentados no seu pupitre en lugar de na asamblea como os cursos anteriores, faremos pequenos grupos estables (4 ou 5 [nen@s](#) por grupo) e actividades individuais para intentar reducir o risco de contaxio o máis posible, reducirase tamén os materiais de cada recuncho para unha mellor hixienización. Intentaremos posibilitar unha interacción máis específica co mestre e ademais fomentar a autonomía e a responsabilidade.

6.6 APERTURA AO CONTORNO.

Ademais, a EI é unha tarefa compartida coas familias, co profesorado e con outras institucións. Coordinarse entre todos os profesionais que interveñen na E.I é indispensable para asegurar a coherencia e a continuidade no ensino. A labor educativa comeza sempre na familia, o que implica que como mestres/as completemos dita responsabilidade, ampliando as experiencias que o alumnado adquiriu no seu marco familiar. A comunicación coas familias será continua, tanto a través da hora semanal de titorías (este curso telefónicas) que se fixa na PXA, ou das reunións globais (como a de principio de curso), tal e como se recolle no capítulo VI, artigo 5º da **Orde 22 de xullo de 1997**, así como de informes de avaliación. Unha comunicación bidireccional, posto que é necesario que coñeza aqueles aspectos familiares que poidan repercutir no rendemento académico

do nenos/a .Tendo en conta que este curso serán, sempre que sexa posible, de xeito non presencial para evitar o maior número de contactos e reducir o risco de contaxios.

As novas tecnoloxías son un bo recurso para manter esta comunicación (e moito máis este curso) como por exemplo a páxina web do centro ou Abalar, coa que manteño unha comunicación directa coas familias, tanto a través de mensaxes como de fotografías da aula, e que á súa vez me permite facer unha avaliación continua e diaria dos nenos/as. Este curso as familias tamén poderán comunicarse a través do correo electrónico de aula, como xa se fixo no último trimestre, para unha mellor comunicación e aproveitamento educativo. Ademais, promoverei tamén que as familias participen en actividades e na dinámica da aula, aínda que sexa de xeito non presencial, elaborando materiais relacionados cos proxectos ou colaborando en actividades puntuais que se vaian realizando ao longo do curso.

As familias tamén poderán participar no centro a través da súa representación no Consello Escolar, comisión de convivencia e comisión económica e mediante a asociación de nais e pais de alumnos/as do centro.

Finalmente, sinalar a relación coas institucións, como é o concello.

6.7 METODOLOXÍA NON PRESENCIAL

En caso de que algún neno/a ou todos/as, teñan que quedar na casa, a comunicación coas familias establecerémola na reunión de principio de curso. Este curso pasado as canles de comunicación que máis usamos e mellor funcionaron foron a páxina web do centro, Abalar e o correo electrónico de aula.

7 .PLANS E PROXECTOS

- **PLAN DE CONVIVENCIA:** Este plan foi aprobado pola Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Ten como finalidade a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. A contribución na aula ó plan de convivencia farase fundamentalmente a través das normas de clase, que todos os días recordaremos e cumpriremos. Tamén se buscará a resolución pacífica de conflitos, procurando, sempre que sexa posible, que os problemas os resolvan os propios implicados.
- **PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC:** Documento que persegue o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital e a integración das TICs como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- **PLAN DE ORIENTACIÓN:** Está enfocado a valorar as necesidades educativas, deseñar accións encamiñadas á atención temperá, participar na avaliación psicopedagóxica e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

- **Plan de acción tutorial:** Preténdese a coordinación permanente e eficaz da tarefa educativa, na que interveñen os mestres/as, as familias e os propios alumnos/as considerados tanto de maneira individual como en grupo, a través da función tutorial.

- **Plan de acollida:** Neste plan inclúense todas aquelas actuacións que deben facilitar a adaptación do novo alumnado.

- **PROXECTO LECTOR:** está destinado ao fomento da lectura e da escritura así como a adquisición das competencias básicas e a utilización da biblioteca escolar e

de aula, mediante a realización no centro de diferentes actuacións deseñadas por todo o equipo docente e coordinadas pola persoa responsable da biblioteca escolar.

-Biblioteca de aula: Crearase na aula un recuncho de biblioteca onde os nenos/as poidan manipular libremente distintos libros de diversas temáticas e formatos. Recordar que para o seu uso debido a situación epidemiolóxica actual, é preciso lavar as mans previa e posteriormente e despois desinfectar os libros e deixalos en corentena.

- Mochilas Viaxeiras: un neno ou nena cada semana levará a súa casa unha mochila chea de libros de distintas temáticas e enfocada para distintas idades, tanto para os máis pequenos como para os adultos. Deste xeito fomentamos non só o habito lector senón tamén damos a coñecer distintas obras de interese. Esta mochila quedará en cuarentena e desinfectarase antes de que a leve outro/a neno/a.

- Biblioteca de centro: un día a semana acudiremos á biblioteca da escola para coller un libro, levarano para a casa acompañado dunha pequena ficha (onde terán que poñer o título do conto, o autor, o seu nome e facer un debuxo do conto), e ao que pase a semana traerano de volta e cambiarano por outro. Estes libros cando se devolven temos que depositalos na caixa de corentena de esa semana.

- **PROXECTO DE FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA:** este Plan que ten como obxectivo **potenciar o uso do galego**, desenvolverase a través do Equipo de Dinamización Lingüística que ten como tarefa deseñar, coordinar e planificar as estratexias e actividades necesarias para levar a cabo este plan e cumprir así os seus obxectivos.

8 . ADAPTACIÓN DO PROTOCOLO COVID-19 Á AULA

Debido á situación actual orixinada pola COVID-19 e seguindo os distintos protocolos e instrucións dadas pola Consellería de Educación, neste curso académico será preciso tomar unha serie de medidas, algunhas das cales xa se foron mencionando ao longo de toda a programación. Entre elas, destacar:

- Os nenos e nenas terán asentos fixos asignados conformando, concretamente, catro grupos de catro ou cinco nenos/as cada un. Serán estes grupos os que xoguen nos recunchos intentando interaccionar o menos posible cos outros.

- Será preciso lavarles ás mans cinco veces ao día, como mínimo. Algunhas destas veces será antes e despois de usar os recunchos.

- Logo do emprego dos materiais dos recantos, os cales serán os mínimos e imprescindibles, así como de fácil lavado, desinfectaranse e deixaranse en corentena.

- Existirá material individual para cada neno/a, o cal será o de uso diario. Logo, en cada grupo haberá material común que non se compartirá cos outros grupos e que se desinfectará logo do seu uso.

- O momento de recreo, como está sinalado na programación de ciclo, será escalonado sen relación coas outras dúas aulas. Ademais, non se poderán empregar xoguetes e intentarase fomentar xogos de non contacto.

- A asemblea realizarase sentado cada neno/a no seu asento, exceptuando o encargado do día.

- As fichas que se empreguen na aula terán que estar en corentena, polo menos dous días, antes de entregarllas aos nenos/as.

- Enfatizar ás familias a importancia de recoñecer os síntomas COVID-19 co obxectivo de que se os teñen non os manden á escola. Como titora, se identifico algún síntoma activarei protocolo COVID-19 seguindo o protocolo do centro educativo.

Xunto a todos estes aspectos, sinalar que se un neno/a debe estar illado ou en corentena, mantereirei un contacto permanente coa familia, para saber do seu estado e poder, se se encontra en boas condicións, presentarlle distintas actividades a realizar. Para elo, empregarei a aula virtual, o correo electrónico ou a vía telefónica.

Finalmente, se xorde a situación de non presencialidade nos centros educativos, a principal vía de contacto cos alumnos/as será a do correo electrónico, o teléfono, a aula virtual... así como todas aquelas vías de comunicación que se consideren oportunas dependendo da situación epidemiolóxica.

Na reunión de principio de curso que terei coas familias, definiremos e estableceremos as pautas de comunicación que mellor se lle axeiten ao grupo, tendo en conta as vías de comunicación que oferta o colexio e as posibilidades das familias, para estar o mellor conectados posible en caso de que non poidamos ter clase presencial.

Elaborarei tamén unha carpeta de actividades trimestral para cada neno cos contidos que pretendo traballar cada trimestre. Levarana ou farémoslla chegar no caso de ter que quedar na casa, se non nos confinan faremos esas actividades na aula.

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Todos os alumnos e alumnas son diferentes en capacidade, estilos, motivacións e intereses de aprendizaxe, por iso hai que ter á súa disposición actividades de todo tipo e adaptadas aos distintos ritmos.

Esta programación adaptarase ás necesidades individuais dun grupo de 19 nenos e nenas, por iso deséñase cun carácter aberto e flexible permitíndonos que unha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferencias de cada neno/a.

Na aula imos desenvolver diferentes estratexias, tendo como referente o Plan de Convivencia do centro, como: consensuaremos as normas de convivencia entre todos/as, empregaremos material visual para captar a atención, intentaremos anticiparnos e prever situacións que poidan ser problemáticas... Empregaremos técnicas de modificación de conduta, como o reforzo positivo; traballaremos tamén a autoestima, o autoconcepto e as emocións, fomentando o diálogo, a resolución de conflitos de xeito pacífico, aproveitando celebracións como o Día Escolar da Non Violencia e da Paz, realizando rutinas diarias de relaxación, actividade física, para liberar tensión emocional e contaremos cun pequeno recuncho das emocións, cun espello para poder relaxarse e coñecerse mellor.

Traballaremos de xeito coordinado coas familias, contaremos cunha mestra de apoio e, de ser necesario, co asesoramento do Departamento de Orientación.

10. ACTIVIDADES

Ó longo de todo o curso académico desenvolveremos actividades moi variadas e de distintos tipos e características. Estas actividades serán de **iniciais** para despertar a curiosidade e o interese dos nenos e nenas, de **desenvolvemento** para alcanzalos distintos obxectivos propostos e traballalos contidos e actividades, e **finais** para observar se os nenos/as alcanzan os obxectivos. Tamén deseñarei actividades de ampliación e reforzo para atender a aqueles nenos/as que mostren un nivel máis avanzado ou algunha dificultade.

As actividades deben entenderse como as ferramentas para desenvolver os

contidos e acadar os obxectivos. Estas serán adecuadas a cada neno/a, motivadoras, variadas e atractivas, perseguirán o desenvolvemento global, serán significativas, é dicir, terán relación co coñecemento e co contorno dos nenos/as, facilitarán a relación cos adultos e adecuaranse ao contexto social e escolar. Atendendo aos tipos de actividades, sinalar:

- *Actividades rutinarias*. Son aquelas nas que se levan a cabo as rutinas de aula como mirar o tempo, pasar lista, nomear o encargado,... Estas serviranlle ao alumnado como marco para a súa estruturación temporal.

- *Actividades atendendo a súa secuenciación*:

• *Actividades iniciais*. Son aquelas actividades que se levan a cabo ao principio de cada temática coa intención de motivar aos alumnos/as e suscitarlle interese. Ademais, serven para identificar os seus coñecementos previos. Algunhas son: narración de contos, elaboración dun debuxo, unha chuvia de ideas,...

• *Actividades de desenvolvemento*. Con elas preténdese que os alumnos/as adquiren os obxectivos didácticos previstos na programación. Por exemplo: actividades de tipo manipulativo (exploración dos estados da auga), plástico (elaboración dun mural), tecnolóxico (emprego de Google Earth),...

• *Actividades finais*. Sons as actividades que se propoñen como conclusión e serven para a recompilación da información aprendida e para pechar, por exemplo, a creación dun xornal ou un mural.

- *Actividades de reforzo e ampliación*. Son aquelas que estarán programadas para adecuarse á diversidade do alumnado. O seu obxectivo é atender tanto ao neno/a que presenta dificultades nas actividades propostas (por exemplo, actividades de lectura de láminas) como aquel que mostra maior rapidez na súa realización (busca de información

coas novas tecnoloxías,...).

- *Actividades complementarias*. Estas defínense como aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se usan. Estas son voluntarias e algún exemplo é a visualización dunha obra teatral.

- *Actividades extraescolares*. Son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, se realizan fóra do horario lectivo.

- *Actividades de conmemoración*. Son aquelas nas que se desenvolverán as conmemoracións que se deben traballar na escola e que se encontran recollidas na *Orde do 19 de maio de 2021*.

Dicir tamén que, paralelos aos proxectos que presento a continuación, realizarei na aula unidades didácticas, relacionadas tanto cos intereses dos nenos/as como coas diferentes festividades e conmemoracións, como por exemplo ,o protocolo covid, a saúde dental...

11. AVALIACIÓN.

Seguindo o establecido pola *Orde do 25 de xuño do 2009 polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, esta realizarase de forma global, continua e formativa e considerárase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais como colectivas.

Partindo destas consideracións xerais, cómpre formular unha serie de cuestións: **que avaliar?, como avaliar? e cando avaliar?** A resposta a **qué avaliar** atópase nos criterios de avaliación, os cales son indicadores ou referentes do grao de consecución das capacidades sinaladas nos obxectivos, que o equipo de ciclo posteriormente recolle na programación de ciclo. A **Orde 25 de xuño de 2009** especifica os criterios de avaliación para cada área, aclarando que deben ser concibidos como referentes para guiar a acción educativa, coñecer o desenvolvemento das capacidades no alumnado, así como para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias. Estes criterios de avaliación serviranme para coñecer si os obxectivos propostos son adecuados ou se pola contra son necesarios mecanismos de recuperación, mudar certos aspectos da metodoloxía como o papel do profesor, a organización e distribución de espazos e tempos, a organización do alumnado...

Área I. Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as súas normas.

- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

Área II. Coñecemento do contorno

- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara a natureza e participar en actividades para conservala.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.
- Recoñecer, identificar e pór exemplos dalgúns servizos comunitarios.
- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.
- Identificar persoas e sucesos importantes da historia da súa comunidade, país e mundo.

Área III. Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con adultos, segundo as intencións comunicativas.
- Amosar unha actitude positiva cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións

habituais de comunicación.

- Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

Ditos criterios especificaranse en indicadores de avaliación nos boletíns trimestrais, xa que estes concretan aspectos observables e, por tanto, son realmente os parámetros da avaliación.

A resposta ao segundo interrogante, é dicir, **cómo avaliar**, obtense a través das técnicas e instrumentos de avaliación. A *observación directa e sistemática* será a principal técnica de avaliación tal e como se recolle na **Orde 25 de xuño de 2009**, no seu artigo 20, punto 3, aínda que terei en conta outras estratexias que me axudarán a obter a información necesaria. Algunhas son: *Diario de aula*, no que recollo os logros alcanzados polo alumnado, a súa relación cos obxectivos inicialmente propostos, etc; *Rexistro anecdótico*, que consiste en recoller información sobre aspectos concretos ou significativos, *entrevistas; reunións; encontros casuais e intercambios coas familias e con outros docentes*, xa sexan especialistas relacionados co meu alumnado, compañeiros de

ciclo ou outros; ou *Fichas de autoavaliación*, que me proporcionarán información sobre como o alumnado vai alcanzando os obxectivos propostos e a *análise das producións dos alumnos*.

A resposta ao terceiro interrogante, é dicir, **cando avaliar**, obtense a través da realización da avaliación en tres momentos: inicial, ao comezo de curso e de cada unidade, para así coñecer as ideas previas, prestando especial atención á detección de necesidades específicas de apoio educativo; continua, grazas á recollida de información ao longo de todo o proceso, co fin de axustar a intervención educativa ás necesidades do alumnado e así estimular o proceso de ensino-aprendizaxe; final con carácter formativo, que valora todo o proceso de maneira global, coñecendo o grao de adquisición das capacidades propostas e os logros conseguidos, o que permite establecer propostas de mellora.

O proceso de avaliación realízase diariamente na aula, pero debo destacar que existen tres documentos fundamentais. Na avaliación inicial contamos cun informe de avaliación inicial, que inclúe a entrevista familiar e unha guía de observación inicial e cubrirase tamén a través do sistema informático do XADE (o inicio da escolaridade). Con respecto a avaliación continua, cubrirei os boletíns trimestrais de información ás familias realizados a través do XADE. Tamén temos o informe de avaliación anual que se cubre ao finalizar o curso. Por último, é preciso falar do informe de avaliación final, que se cubrirá ao finalizar a etapa.

Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitiránme seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados. Polo tanto terei en conta aspectos como:

- A organización da aula, o clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

11.1 AVALIACIÓN NON PRESENCIAL

No caso de que teñamos que avaliar de novo de xeito non presencial, esta avaliación farase a través das tarefas que entreguen os/as alumnos/as e de toda a información recollida a través dos diferentes medios de comunicación que se acorden coas familias, tendo en conta as súas posibilidades.

12 . PROXECTOS

Ao longo deste curso desenvolverase o proxecto “A volta ao mundo” a través do material de Santillana “Canto sabemos!”, cuxos obxectivos e contidos se especifican a continuación:

Obxectivos	Contidos
Evocar e expresar os coñecementos previos sobre o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	Evocación e expresión dos coñecementos previos sobre <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .

Utilizar con respecto os libros e o material de consulta como fonte de información.	Respecto e coidado do material común.
Evocar e expresar os coñecementos adquiridos sobre o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	Evocación e expresión dos coñecementos adquiridos sobre o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .
Achegar material informativo sobre o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> , o seu autor e os países que visitan os protagonistas.	Achega de material informativo sobre o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .
Identificar as partes principais dun libro.	Cuberta, lombo, título e autor.
Coñecer o nome e a biografía do autor de <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	Biografía de Jules Verne.
Coñecer cales son os personaxes principais do libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	Personaxes principais do libro: Phileas Fogg, Passepartout, Aouda e inspector Fix.
Coñecer como se iniciou a viaxe que conta o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	O inicio da novela.
Identificar o pasaporte como documento que nos permite viaxar a algúns países do estranxeiro.	O pasaporte.
Coñecer e situar o percorrido da viaxe nun mapa do mundo.	A ruta da viaxe.
Coñecer algúns aspectos importantes sobre a cultura do antigo Exipto.	A cidade de Suez. As pirámides. Os faraóns. O río Nilo. A escritura xeroglífica.
Coñecer diferentes aspectos sobre a India e a súa cultura.	As cidades de Bombai e Calcuta. O Taj Mahal. As vacas sagradas. O tren.
Coñecer distintos aspectos sobre China e a súa cultura.	A cidade de Hong Kong. A Gran Muralla chinesa. Alimento básico: o arroz. A escritura chinesa. Os proverbios chineses.

Coñecer algúns aspectos sobre Xapón e a súa cultura.	A cidade de Iokohama. O origami.
Coñecer distintos aspectos sobre Estados Unidos e a súa cultura.	As cidades de San Francisco e Nova York. Os rañaceos. A Estatua da Liberdade.
Coñecer o desenlace da novela <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	O final da viaxe.
Saber o título doutras obras de Jules Verne.	<i>Viaxe ao centro da Terra, Cinco semanas en globo e Vinte mil leguas baixo dos mares.</i>
Estruturar e ordenar todos os conceptos traballados sobre <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	Mapa conceptual sobre o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .
Ordenar secuencias.	Secuenciación de imaxes.
Resolver problemas lóxicos.	Problemas lóxicos.
Coñecer e utilizar os números 1, 2, 3, 4, 5 e 6 en situacións cotiás.	Noción de cantidade dos números do 1 ao 6.
Deducir o tema do proxecto proposto.	Asociación dunhas características dadas co tema que se vai tratar: a adiviña.
Verbalizar os intereses e inquedanzas sobre o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .	Elaboración dunha lista consensuada de inquedanzas e intereses sobre o libro.
Mellorar a expresión e a comprensión oral, e ampliar o vocabulario mediante conversas, contos, cancións, poesías...	Vocabulario novo sobre o tema. Poesía <i>O pasaporte</i> . Canción <i>A volta ao mundo</i> . <i>Cartas do personaxe protagonista</i> . Libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> .
Descubrir a utilidade da lectura e da escritura como medios de información e de comunicación.	Descubrimento da funcionalidade da lectura e a escritura.

Coñecer a que xénero literario pertence o libro <i>A volta ao mundo en 80 días</i> e a súa temática.	Xéneros literarios e tema do libro.
---	-------------------------------------

Os personaxes da historia van a participar na vida da aula e axudarannos a coñecer: que é a volta ao mundo?, quen o escribiu?, como se inicia a viaxe?, que necesitan para viaxar?, que países percorren?, como termina a novela?, que outros libros escribiu Julio Verne?...

ÁREA DE INGLÉS

A diversidade lingüística e cultural na escola, debido a fenómenos sociais, culturais, e económicos fixo que se promova o ensino dunha lingua estranxeira e que se vaia incluíndo desde a Educación Infantil, especialmente nos últimos anos. Na introdución dunha lingua estranxeira debe valorarse o achegamento progresivo ós significados de mensaxes en contextos de comunicación coñecidos, fundamentalmente nas rutinas habituais da aula, despertando o interese dos nenos e das nenas por participar en intercambios orais en lingua estranxeira.

Debido á súa gran capacidade de aprendizaxe moitas investigacións sobre a implantación dun idioma estranxeiro nas primeiras idades estableceron entre os 4 e os 7 anos a idade apropiada para empezar a aprendizaxe dunha segunda lingua, pola súa gran capacidade de memorización e aprendizaxe. Dado que o neno/a de 5 anos estase iniciando na aprendizaxe da lectoescritura, o ensino doutra lingua debe ser exclusivamente oral, en condicións similares ás que se dan cando aprenden a súa propia lingua. Trátase de que os nenos e as nenas comecen a familiarizarse coa lingua inglesa.

Contidos

Os contidos que se suxiren para a Educación Infantil son:

- Cores: blue, red, yellow, green, orange, black, white e pink.

- Membros da familia.
- Números: 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10.
- Festas e celebracións: Christmas, Halloween
- Saúdos: “good morning”, “hello”, “hi” e “good bye”.
- Frases curtas e sinxelas: stand up, sit down, close the door, glue...
- Presentacións: My name is ...
- Partes do corpo: hand, leg, eyes, ears, mouth, nose
- Sentimentos: happy, sad, angry
- Nomes de animais: dog, cat, bear, cow, horse, pig
- Elementos da aula: door, window, pencil, table, chair, book

Metodoloxía

Unha das principais fontes de actividade nestas idades é o **xogo**. É necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaimos realizar para o que se debe evitar a división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e das nenas. É a actividade principal que realizan, favorece a elaboración e o desenvolvemento das estruturas do coñecemento. O xogo é o vehículo que utilizan para se relacionaren e para aprenderen da realidade que os rodea. Para isto empregaranse os diferentes recursos que hai na súa aula.

Así mesmo, a **canción** e a **música** son fundamentais e por iso traballaremos a través delas a adquisición da lingua estranxeira, de forma que a escoita sexa a principal actividade nestes primeiros achegamentos ao inglés. Durante as sesións moverémonos ao ritmo das cancións para aprender o vocabulario e adquirir de forma inducida as construcións gramaticais. Tamén empregaremos **contos**, tanto en vídeo como dramatizados pola mestra.

O traballo en grupo potencia a participación e mellora a capacidade de expresión, o cal é, sen dúbida, un dos eixes principais para un bo desenvolvemento cognitivo e emocional. Este ano realizaremos este traballo en grupos pequenos e non tan a menudo como nos gustaría debido á situación sanitaria actual. Intentaremos realizar actividades e xogos a nivel clase sen a necesidade de que haxa moito movemento para así intentar manter a distancia.

Un principio metodolóxico moi ligado á actividade é a **motivación**. É absolutamente necesario que neno e nena se sintan atraídos cara á aprendizaxe. Nisto xoga un papel moi importante que os obxectivos, os contidos e as actividades teñan un nivel axeitado, que respondan aos seus intereses e que os métodos e recursos sexan atractivos e faciliten a aprendizaxe.

Criterios de avaliación

- Desenvolver progresivamente a súa autoestima e a confianza en si mesmo/a.
- Participar en actividades cotiás.
- Expresar sentimentos, necesidades, intereses, desexos..., mediante a lingua oral e a través doutras linguaxes.
- Aumentar progresivamente o seu vocabulario.
- Amosar actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Empregar correctamente as normas para saudar e despedirse.
- Amosar interese polos textos de literatura infantil lidos na clase.
- Avanzar no coñecemento da serie numérica.
- Recoñecer e distinguir as cores, os números, os obxectos da clase, os animais e as partes do corpo.
- Discriminar diferentes sons.
- Interpretar cancións.
- Experimentar a través de recursos corporais como xestos e movementos, para expresarse e comunicarse.
- Comprender, interpretar e producir imaxes.

Procedementos, instrumentos e porcentaxes de avaliación

- Observación directa e sistemática.
 - Diálogos cos nenos e coas nenas.
 - Valoración das actividades e do traballo realizado ao longo da unidade.
 - Observación do comportamento dos nenos e das nenas.
- A porcentaxe de avaliación será:

80% participación activa na lingua estranxeira.

20% comportamento e actitude cara a aprendizaxe.

En Carnota, a 15 de setembro de 2021